SERVIZO DE GUÍA CULTURAL E ASESORAMENTO PARA A ELABORACIÓN DE VIAXES

- **Duración:** Media xornada. Xornada completa ou varias xornadas.
- **Dispoñibilidade:** todo o ano
- **Idiomas:** English, Français, Italiano, Português, Deutsch
- **Restricións:** Persoas con dificultade de mobilidade ou capacidades diferentes, se é o caso, indíquese para adaptar as rutas.
- **Equipamento:** Calzado cómodo, indumentaria "por capas" adaptada a cada estación.
- **Máximo de persoas:** De preferencia máximo de 15 persoas, pero as rutas son adaptables para grupos máis numerosos, coas pertinentes modificacións.
- **Tipo de rutas:** Rutas culturais e experienciais que combinamos con natureza, gastronomía e tradicións locais.

Inclúe:

- Asesoramento de viaxe. Deseño e creación dunha experiencia á medida.
- O cliente pode seleccionar os itinerarios deseñados por Genuine Galicia na zona ou indicar as súas preferencias e elaborámoslle un itinerario á súa medida, personalizado en tempos e formas, cos recursos da zona máis adecuados ao gusto do cliente.
- Visita guiada e acompañamento por un guía local, profesional habilitado de Galicia.
- Acompañamento profesionalizado do visitante a través do destino Celanova - Terras do Xurés, interpretando o entorno, atendendo ao visitante e proporcionando a información ou experiencias máis destacadas deste sorprendente destino de Galicia.

Descrición:

Existen lugares onde o tempo se detén. Existen lugares onde o comer pausado é un pracer e no que a conversación é parte do momento. Existen lugares... que nos gustaría mostrarche, que unen a fermosa terra galega co seu veciño Portugal e que nun espazo reducido entre vales e montañas, mantén tradicións, sabores e o bo facer das mans dos seus habitantes.

O destino Celanova-Xurés é unha sorpresa para o viaxeiro, polo seu Parque Natural, pola variedade dos seus paisaxes e patrimonio histórico, pero tamén pola relevancia de varios dos seus monumentos que son fitos da arte española, como a igrexa mozárabe de San Miguel de Celanova ou a igrexa visigoda de Santa Comba de Bande.

Deixa que sexamos o teu anfitrión, contémosche e guiemos ao teu ritmo, sen molestias e coa comodidade necesaria para que non te preocupes de nada...só de gozar, experimentar e descubrir coas túas vistas e corazón as xentes deste fermoso recuncho de Galicia.

Algunhas das nosas rutas propostas son:

Música, pedra e Poesía / Contos de antano... / Arraianos Somos / A Vía Nova, unindo culturas / Veni, Vidi, Vici / As Pegadas da Humanidade / Os camiños sagrados / Terra Petrea / Un paseo ao límite / Almas Vivas / Á Carta (visita personalizada / temática / experiencial).

Tarifas e prezos:

As tarifas e prezos varían en función do tipo de ruta, duración, gastos loxísticos, actividades complementarias e/ou número de persoas. É necesario solicitar orzamento. Tarifas especiais para grupos e axencias. Solicitar información en: info@genuinegalicia.com

Prácticas ecoamigables:

- Evitamos o uso de papel e plásticos, nas nosas actividades e empresa.
- Apoiamos as iniciativas locais respectuosas co medio ambiente e produtos km 0.